

# POZOAMARGO

[Enrique Rivero, 2015]

# 127

ESTREA EN NUMAX: 24.01.2016 | v.o. | +18

## FICHA TÉCNICA

Pozoamargo (2015, 99')

**Dirección:** Enrique Rivero

**Guión:** Enrique Rivero

**Reparto:** Jesús Gallego, Natalia de Molina, Xuaco Carballido,

Elsa Ruíz, Sophie Gómez

**Montaxe:** Enrique Rivero, Javier Ruiz Caldera

**Dirección de arte:** Miguel Ángel Rebollo

**Son:** Alejandro de Icaza

**Música:** Alejandro de Icaza

**Fotografía:** Gris Jordana

**Produtora:** Una Comunión, Zamora Films (México),

Zeitun Films (España)

**Distribuidora:** Márgenes Distribución

**Formato de proxección:** DCP 2K, 2.39:1

## FILMOGRAFÍA

*Parque vía*, 2008

*Mai morire*, 2012

## PREMIOS

Sevilla 2015 (Premio Xurado Campus),

FICUNAM 2015 (Mención especial)

## SINOPSE

A punto de ter un fillo, Jesús entérase de que sofre unha doenza venérea que lle transmitiu á súa muller embarazada. Incapaz de afrontalo foxe a Pozoamargo, un pobo castelán cuxo nome reflexa moi ben o abismo vital no que se adentra.

«Unha soberbia actuación e un incríbel traballo de fotografía, fan de *Pozoamargo* un filme con visionado obrigatorio»

Vicky Carras, MOVIEMENTARIOS



# POZOAMARGO

[Enrique Rivero, 2015]

## “Quería non parecer un mexicano filmando A Mancha”

**Entrevista a Enrique Rivero**

Por Alfonso Rivera

**Que partes do filme se rodaron en México e cales en España?** Dividimos a rodaxe entre setembro e decembro do ano pasado: o comezo e as escenas do hospital rodámolo en México e tamén outra cantidade de secuencias que ao final non entraron na montaxe e pasaban antes de que o personaxe central abandonase todo e marchase ao campo. Á hora de montar acabas sacrificando cousas que che gustan pero era importante que o protagonista se puxese en movemento cara ao seu inferno e calvario.

### **O filme péchase coa pantalla asolagada de amarelo mentres soa un chotis...**

Sempre souben que este filme tiña que ter ese amarelo mostaza, que tamén invade o seu cartel: sempre penso nunha cor ao crear cada filme. *Parque vía* era verde e o segundo, morado: os filmes teñen eses tons. O chotis de Olga Ramos é a única música do filme: alegrábame lembralo, é como unha homenaxe a Madrid, onde nacín. Vexo con frecuencia no cinema que as músicas son moi efectistas, subliñando imaxes e emocións e mesmo reenchendo: coído que se a imaxe é potente, non o precisa.

### **A metade de *Pozoamargo* está fotografada en cor, a segunda en branco e negro, mais a transición apenas se percibe...**

Si, era un risco. Queríamos marcar moito tamén a diferenza entre a fotografía da cidade e a do campo, para evidenciar esa diferenza. Rodamos moito no campo, mais o filme estábanse indo de tempo. Eu quería non parecer un mexicano filmando A Mancha: non teño a sensación de que o filme sexa un catálogo de curiosidades tipo *Vicky Cristina Pozoamargo*, mais quería incorporar a paisaxe á historia porque coído que lle acae esa dureza, ese clima e esa natureza violenta, aínda que non o pareza porque todo é chan.

**O guión escribiuse hai anos... por que non o rodaches antes?** Porque cando comecei estudar cinema había como

un medo xigantesco en España: todo o mundo diciache que é moi difícil rodar e que só o conseguen os enchufados. Eu non pensaba daquela que fose factíbel facelo aquí. Daquela ocorréuseme unha historia máis barata, sinxela e inmediata, *Parque vía*, e en México atopei todo o contrario: enerxía, entusiasmo e ganas de facer cousas. Alí coñecín a Paola Herrera, socia na miña produtora Una Comunión, e logo dun xeito natural, rodamos a segunda. Entón xa era hora de facer *Pozoamargo*, en coprodución coa compañía española Zeitun Films.

**Por que cres que sucede isto en España?** A industria é bastante férrea: os sistemas de axuda ao cinema son complicados, retortos, inaccesíbeis... desde fóra é difícil de entrar; en cambio en México democratizárono, cunha boa lei fiscal e quen teña unha historia e toque portas, poderá rodar.

Publicado en cineuropa.org

\*\*\*

## Cuestionario con Enrique Rivero

Por Miguel Pina

**Cal é o teu director español favorito?**

Albert Serra.

**E o teu director favorito non español?**

O austríaco Ulrich Seidl.

**O teu actor predilecto?** Jesús Gallego.

**E a túa actriz?** Natalia de Molina.

**Un filme español?** *Atraco a las tres* (José María Forqué, 1962)

**E da cinematografía do teu país?**

*Batalla en el cielo* (Carlos Reygadas, 2005)

**O teu autor literario preferido?**

Michel Houellebecq.

**E para concluír, con quen te quedas, Donal Trump ou Hillary Clinton?**

Con Bernie Sanders (risas).

Publicado en noroestemadrid.com

Tradución: Xan Gómez Viñas

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | www.numax.org

  
EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME